

TEMA 5. O PERÍODO ENTREGUERRAS, OS FASCISMOS E A IIGM

1. PERÍODO ENTREGUERRAS (1918-1939): CRISE DAS DEMOCRACIAS E AUXE DOS FASCISMOS

Tras a I Guerra Mundial en prácticamente todos os países se instauran réximes liberais democráticos a semellanza dos que xa había nos Estados que foran vencedores (que recordamos que eran: GB, Francia, Estados Unidos, Italia...). Isto parecía augurar a consolidación das democracias en Europa. No obstante, e paradoxicamente, no período entreguerras imos asistir á crise das democracias como forma de goberno.

Tanto os vencidos: Alemaña, Austria, Hungría,

Como os novos países que naceron da disolución dos vellos imperios:

- Da desmembración do Imperio Ruso: Finlandia, os Países Bálticos e Polonia (con territorio alemán e austro-húngaro tamén)
- Da desmembración do Imperio Austro-húngaro: Hungría, Austria, Checoslovaquia e Iugoslavia.

Excepto: Turquía e Rusia

O cal non quita que fora precisamente neste período de entreguerras no que se levan a cabo **grandes avances en materia social**, por exemplo no que respecta aos dereitos dos cidadáns, e tamén das cidadás (é agora cando as mulleres acadan o dereito a voto na maior parte dos países), ou no referido ás **condicións laborais** (subidas salariais, semanas de 40h). Avances que sentan as bases do que décadas despois se coñecerá como estado de benestar.

Falamos de crise das democracias porque todos os problemas que se arrastran da IGM van xerar unha gran **inestabilidade** que terminará derivando no descrédito da democracia, na proliferación de réximes autoritarios e tamén no auxe doutras ideoloxías (**totalitarias**) que aparecerán como alternativas ao capitalismo e á democracia liberal:

- ☒ Por un lado, o **comunismo**
- ☒ Por outro, os **movementos fascistas de extrema dereita**.

Os partidos fascistas xurdiron en toda Europa¹, pero non en todos os países se fixeron co poder e deron lugar a unha ditadura. Dependeu en gran medida da tradición democrática dos estados e da capacidade dos gobernos para canalizar a conflitividade socioeconómica reformulando o sistema capitalista-basicamente aplicando políticas sociais contra a crise- e conseguindo integrar á maior parte dos partidos do espectro

¹ Algúns exemplos son: Fronte Patriótico en Austria; Lexión de San Miguel Arcangel en Romanía; o NSB Movemento Nacionalista nos Países Baixos; a Unión Británica de Fascistas en GB; as Xuventudes Patrióticas en Francia ou o Partido Nacionalista Obrero Danés en Dinamarca

político nos parlamentos. Nos imos a centrarnos nos dous estados fascistas máis representativos, que son:

- **O réxime de Mussolini en Italia**
- **e a Alemaña Nazi de Hitler.**

2. OS FASCISMOS

2.1. Causas do auxe dos fascismos

Detrás do auxe do fascismo están: por un lado, factores políticos; por outro, factores económicos; e tamén factores sociais. Inda que, como imos a ver, todos están relacionados entre si.

➤ Entre os factores políticos temos:

- **O desenlace da IGM e os tratados que lle puxeron fin:** inda que nun principio a Conferencia de París (1919) se plantexa como a vía para lograr a paz, estabilizar Europa e evitar futuras guerras, na práctica converteuse no caldo de cultivo para o nacemento dos fascismos e o desencadeamento de futuros conflitos.

¿Por que?

-Por un lado, porque **non se tivo en conta aos vencidos**, que unicamente serían convocados para asinar os tratados, agravio que en Alemaña se calificaría de DIKTAT. Neste punto tamén debemos ter presente as duras condicións que se lle impuxeron (aceptar a responsabilidade da guerra, custosísimas multas en concepto de reparacións, perdas territoriais...) e o feito de que ditos tratados supuxeron a ruptura entre o poder político e o poder militar en Alemaña .

-E por outro, porque á hora da verdade **non se respectaron os acordos diplomáticos que foran asinados durante a contenda**. Moi importante no caso de Italia, que recordemos que asinara o Pacto de Londres cos aliados polo que se unía a eles na guerra a cambio de concesións territoriais. Pois ben, ao querer facer valer dito pacto nas negociacións de paz o presidente dos EEUU, Wilson, oponse apelando ao principio de autodeterminación e condenando a diplomacia secreta. E claro, como a gran vencedora da guerra fora EEUU finalmente Italia non recibe todo o prometido. Isto fará que os italianos se sintan traizoados e acuñen o termo de “Vittoria Mutilata”, pois a pesar de estar entre os vencedores non se ven beneficiadas por unha guerra que lles custou grandes perdas económicas e humanas (máis de un millón de italianos mortos ou desaparecidos)

En ambos os casos nos topamos con que os tratados que supostamente ían pacificar Europa despertaron sentimentos de agravio contra a nación capaces de catapultar aos fascismos ao poder.

- **A consolidación e o recoñecemento progresivo da URSS como estado independente:** que se materializa nunha serie de tratados con diversos países que lle permitirían integrarse no escenario internacional e superar o illamento ao que quedara sometido tras a IGM, momento no que en Europa se establecera un cordón sanitario para impedir a expansión do bolchevismo. ¿E por que a integración da URSS no escenario internacional se relaciona co auxe dos fascismos?

Pois porque ante **o medo a unha posible revolución social comunista**, a burguesía e as clases medias van a apoiar aos fascismos ao velos como medio para manterse no poder.

- *Este medo intensificouse inda máis a partir de 1919, ano no que en Baviera e Hungría triunfan sendas revolucións comunistas e se instauran repúblicas soviéticas. Experiencias comunistas que serían efémeras. A República Soviética de Baviera non chegou ao mes e a República Soviética Húngara mantívose pouco máis de 4 meses.

- **Cambios no sistema parlamentario:** co sufraxio universal a política deixa de ser unha cuestión de élites para converterse nunha actividade de masas. Agora está dirixida a todos os cidadáns e os políticos teñen que convencer a eses millóns de persoas para que voten. Deben vender un mensaxe sinxelo e atractivo que chegue a todos os públicos, e aquí os discursos fascistas, que apelaban aos sentimentos máis que á razón, souberon aproveitar a crise socio-económica para deslaxitar a democracia e convencer as clases populares, que estaban pasando moitas penurias, de que eran a solución aos problemas da nación. Así mesmo, o emprego que fixeron dos medios de comunicación, a propaganda, os mitins... tamén foron moi efectivos
- Ims agora cos factores económicos: a guerra supuxo grandes problemas económicos tanto para as potencias perdedoras (que ademais da crise de posguerra debían pagar as reparacións), como para as vencedoras (que se habían endebedado, fundamentalmente con EEUU, para poder manter o esforzo bélico). Tras a IGM en toda Europa, inda que con intensidades distintas, vaise vivir unha **situación de crise** caracterizada pola inflación, o desemprego, a conxelación ou o descenso dos salarios, a carestía, o malestar social... Con todo, na década dos 20 semellaba que Europa podería superar lentamente a crisis, en parte tivo moito que ver coa intervención de EEUU e a sinatura do **Plan Dawes**

(1924) con Alemaña, co que se lle concederon créditos e aumentaron os prazos para pagar as reparacións de guerra.

¿Cal era o interese de EEUU á hora de establecer este Plan?

Basicamente fixo polo equilibrio da súa propia economía, e era tamén unha forma de cobrar as débedas que GB e Francia tiñan con ela. Estados Unidos ingresaba capital en Alemaña, Alemaña pagaba as reparacións de Guerra e así os vencedores podían dinamizar a súa economía, conseguindo estabilidade monetaria e fondos para poder devolver os préstamos. E dicir, o diñeiro salía de EEUU daba unha volta por toda Europa e volvía de novo a EEUU, aportando estabilidade económica a Alemaña e indirectamente tamén ao resto de países europeos.

Pero todo cambia en 1929. Neste ano ten lugar o **crack da bolsa en Nueva York** e consecuentemente Estados Unidos retira os seus capitais de Europa, o que en poucos meses vai provocar un retroceso económico que a leve de volta á unha **situación de crise económica intensa** similar á da posguerra.

➤ E tamén Factores sociais:

Como xa fomos vendo, os problemas económicos van provocar que a xente pase penurias e que **augmente a conflictividade social**, o que vai ter dúas repercusións:

- ☒ A burguesía e as clases medias, ante o auxe da conflictividade e do movemento obreiro, terá medo de que se produza unha revolución comunista e apoiará aos fascismos nun intento de manter o seu poder e posición na sociedade.

Apoian ao fascismo porque o ven como garante do orde social existente

- ☒ A xente do común, os traballadores, van empezar a culpar ás democracias de non ser capaces de resolver os problemas socio-económicos e verán no fascismo, que prometía solucións rápidas, unha opción viable ao capitalismo.

2.2. As bases sociais dos fascismos

¿Onde encontrou o fascismo os apoios que precisaba?

- Burguesía e gran capital: desexosos de deter o comunismo.
- Clase media: empobrecida tras a crise, vía perigar a súa posición socio-económica.
- Sectores sociais máis conservadores.
- Excombatentes e parados descontentos.

2.3. As características dos fascismos.

Os movementos fascistas presentan particularidades en función do seu país de orixe, pero a nivel xeral comparten as seguintes características:

- **Antiliberal e antidemocrático:**

- ☒ **Réxime totalitario:** son contrarios á democracia e ao capitalismo e buscan instaurar un Estado totalitario que controle todos os aspectos da vida das persoas, no que os **individuos deben subordinarse completamente aos intereses do Estado** e se **suprimen os dereitos civís** (liberdade de expresión, dereito a voto, liberdade de asociación...)

Neste sentido, unha maneira de estender as ideas fascistas e manter controlada á poboación é a través do encadramento dos distintos sectores da sociedade nos organismos dos réximes fascistas:

Alemaña: Xuventudes Hitlerianas, Liga de Mulleres Alemás, “Forza pola Alegría” -organizaba o tempo de ocio, ex. Viaxes-.

Italia: Opera Nazionale Balilla, Piccole Italiane”, Opera Nazionale Dopolavoro

- ☒ **Intervencionismo económico.**

- ☒ **Represión:** calquera forma de protesta ou oposición é reprimida dunha forma extremadamente violenta por parte da policía, o exército e as organizacións paramilitares do partido único: as SA e as SS en Alemaña e os camisas negras en Italia. De feito, o primeiro campo de concentración que se constrúe en Alemaña é o de Dachau para recluír alí a todos os considerados disidentes.

Crease unha policía política encargada de perseguir calquera actuación antifascista:

- OVRA (Organización de Vixilancia e represión Antifascista).
- Xestapo

O control vai moito máis alá do ámbito político, estendéndose por exemplo a todo tipo de producións e manifestacións de tipo cultural. De feito, moitos artistas e intelectuais serán tildados de antinacionais ao considerar que as súas obras contribuían ao debilitamento do espírito e da nación Alemá; e terán que fuxir de Alemaña.

- ☒ **Partido Único:** onde chegou ao poder as organizacións políticas e sindicais foron prohibidas e perseguidas e unicamente foi legal o Partido Fascista e os organismos derivados do mesmo, nos que a poboación se

verá obrigada a encadrarse. Destaca a creación dun **sindicato vertical único**, no que obrigatoriamente debían integrarse todos os traballadores que estaba ao servizo da patronal. Para evitar conflictividade social.

☒ **A figura do caudillo:** hai un líder carismático que **concentra todo o poder** e ao cal se lle rende culto (**culto ao líder**).

✓ En Italia: Mussolini, o Duce

✓ En Alemaña: Hitler, o Führer

Enxálzanse as súas cualidades a todos os niveis e preséntase como o único capaz de salvar á nación e levala ao seu destino histórico (spoiler: ao final leváronas ao fracaso total, pero este era o seu discurso). Como se dun ser mítico se tratara.

- **Mobilización de masas:** para aumentar a súa base de apoio social busca a mobilización das masas emitindo de forma constante propaganda de enaltecemento do réxime e do caudillo, créanse símbolos, celébranse mitins e desfiles multitudinarios (diseñados para reforzar el culto Ao líder, compracer aos seus seguidores, seducir aos escépticos e amedrentar aos opositores; era unha mensaxe para a nación, pero tamén para o resto do mundo, efecto intimidatorio a nivel internacional)...emprégase por primeira vez a radio, a televisión e o cine con fins políticos...
- **Nacionalismo:** a primacía da comunidade nacional e a sensación de que estaba ameazada é o eixo central do seu discurso. Apelan constantemente ao sentimento nacional e propugnan a expansión territorial, baseada na necesidade de incrementar o *espazo vital/Lebensraum* para garantir o futuro da nación. No caso Alemán Hitler sostíña que o futuro de Alemaña é colonizar Europa do Leste para resolver o problema da sobrepoblación.
- **Antisocialismo e anticomunismo:** movementos que eran estranxeiros e que ían en contra da concepción que eles tiñan do Estado.
- **Autoritarismo e militarismo:** concibían a sociedade como unha especie de organización militar e, en base a iso, buscan trasladar a ela os principios da xerarquía, a disciplina e a obediencia.
 - Exaltación do bélico: celebración de concentracións paramilitares.
 - Educación dos mozos nos valores castrenses dende os 12-14 anos.
 - Saúdos propios do exército.
 - Exaltación da virilidade masculina
- **Contrario á idea de igualdade:** entre humanos, sexos ou incluso nacións.

- Por un lado, cree na superioridade do home e relega á muller ao ámbito familiar (os nenos, a casa...) e no ámbito social o seu papel case se limitaba á relixión (acudir á Igrexa).
- Por outro, a adopción do principio de desigualdade como o natural foi o que derivou de forma case inmediata na formulación de proxectos expansionistas. Neste sentido debemos ter en conta que tanto Italia como Alemaña chegaran tarde ao reparto colonial e xa na IGM tiñan ambicións territoriais:
 - Alemaña: inda que non hai emperador estamos diante dun imperio (o III Reich) porque quere volver unificar Alemaña e ampliar as súas posesións máis alá dos antigos límites.
 - Italia quería tamén o seu Imperio, pretendía unificar todo o Mediterráneo e recuperar o antigo Imperio Romano.

Ademais, o fascismo alemán era especialmente **racista**: consideraba que a raza aria estaba na cúspide da pirámide humana e era superior a outras como as dos pobos eslavos, as poboacións negras ou as xudías, ás que incluso lle negaba a condición de humanas. Neste sentido, a Hitler obsesionábase dúas ideas:

1. A consideración de que só as nacións que non están dexeneradas pola mestura con razas inferiores teñen algunha posibilidade de pervivencia. De aí que adopte medidas como a prohibición dos matrimonios interraciais ou que ordene o asasinato de enfermos e discapacitados co fin de devolver a **pureza racial**.
2. O **antixudaísmo**: para el os os xudeus eran subhumans causantes de todos os males de Alemaña. Isto derivou na instauración progresiva de medidas antisemitas que nun primeiro momento buscan a súa expulsión e que van terminar dando lugar a unha política de exterminio a partir de 1941 (cando ten lugar a ocupación de Polonia e da Unión Soviética, onde había importantes comunidades de xudeus:
 - ❖ 1920: creación do NSAP, persecución e hostigamento.
 - ❖ Nos anos 30 suben ao poder e institucionalizan dita persecución:
 - 1933: prohibiuse aos xudeus acceder a moitas profesións: medicina, ensinanza....
 - 1935: as leis de Nuremberg: prohibiron os matrimonios entre xudeus e arios.
 - En 1938, durante a noite dos cristais rotos desencadease unha salvaxe persecución contra os xudeus a raíz da

noticia de que un xudeu polaco había asasinado ao secretario alemán. Centos de sinagogas e propiedades de xudeus foron saqueadas e incendiadas, decenas de xudeus foron asasinados e 26.000 encerrados en campos de concentración

- ❖ En 1942: durante a Segunda Guerra Mundial exterminio de millóns de xudeus.
 - Auschwitz (Polonia)
 - Janowska (Ucrania)
 - Jasenovac (Croacia)
 - Maly Trostinek (Rusia)
 - Sajmiste (Serbia)

No caso do fascismo italiano non se contempla o antixudaísmo un principio fundamental -non hai eliminación física nin se pon en marcha unha política de exterminio- pero, baixo influencia alemá si que se van a promulgar unha serie de **leis anti-xudías a partir de 1938**, cando se afianzan as relacións coa Alemaña nazi: prohibición de que desempeñaran cargos de funcionariado público por exemplo, prohibición de matrimonio entre italianos e xudeus...

2.4. O Fascismo Italiano (Orixe e ascenso ao poder).

- O fundador do Fascismo italiano foi **Benito Mussolini**, un antigo membro do Partido Socialista, que tras participar na IGM funda en Milán os **Fascios Italianos de Combate** (1919),
 - unha organización composta por grupos paramilitares (camisas negras) e ultranacionalistas de composición variada (anarquistas, sindicalistas, socialistas, ultradereitistas, etc.)
 - que en 1921 daría lugar ao **Partido Nacional Fascista**.
- ¿E como ascende ao poder? Todo comeza en outubro de 1922, cando tras facer fracasar a folga xeral socialista, lanza a **Marcha sobre Roma**. Con ela consegue que Victor Emmanuel lle entregue o goberno aos fascistas nomeando a Mussolini primeiro ministro.
- Entre 1922-1924 o Partido Fascista formaría un goberno de coalición con ministros liberais e un programa moderado.

- Pero en 1924 hai eleccións e consegue facerse coa maioría absoluta (64%). E conségueno, en parte, grazas a promulgación dunha lei electoral feita á medida do partido e tamén ao desenvolvemento dunha campaña chea de ataques violentos contra os partidos de esquerdas..
- Isto foi denunciado polo líder socialista Matteotti, o que derivou no seu secuestro e asasinato por parte dos fascistas, e acelerou a chegada da ditadura.
- Nun primeiro momento o suceso supuxo a **retirada da oposición do Parlamento** pero en 1925 Mussolini suprime definitivamente as cámaras e comeza a súa ditadura: **prohibindo os partidos e organismos da oposición**, encadeando aos seus dirixentes e facéndose co **control dos medios de comunicación do país**.

2.5. O Nazismo alemán (orixe e ascenso ao poder).

- Neste caso o fundador do nazismo foi **Adolf Hitler**, un veterán de guerra de orixe austríaca que en 1921 fundou o Partido Nacional Socialista Obrero Alemán (NSDAP) e as paramilitares SA (que exerce a violencia contra os seus adversarios) a partir do que fora o Partido Obrero Alemán. E dicir, en 1919 integrouse neste partido, fíxose co liderazgo indiscutible e no 1921 rebautizouno.
 - Cunha ideoloxía que propugna o socialismo nacional, anticapitalista, antimarxista -sen loita de clases-; o valor supremo é a Nación.
 - Pretende: impor a ditadura, preservar a pureza racial aria e eliminar aos inimigos interiores -xudeus, marxistas, ...- e exteriores, unindo a todos os alemás; e recuperar a Grande Alemaña dotándoa dun espazo vital – lebesraum

Entre os principais colaboradores de Hitler/homes do partido:

1. Rudolf Hess: secretario do partido
2. Ernst Röhm: xefe das SA
3. Joseph Goebbels: encargado da propaganda
4. Heinrich Himmler: xefe das SS (a garda persoal de Hitler) e da Xestapo.

Para entender o ascenso do nacionalsocialismo debemos remontarnos ao final da IGM. Momento no que a maneira de proceder por parte dos aliados provocaría unha **ruptura entre o exército e o poder político**, que faría abdicar ao Kaiser e posibilitaría que os socialdemócratas (liderados por Ebert) chegaran ao goberno e instauraran unha república si, a república de Weimar, pero que en contrapartida nacería débil e baixo o

desprestixio de ter asinado primeiro un armisticio, o Armisticio de Compiègne (1918) que na práctica era unha capitulación; e despois un Tratado humillante que impoñía unhas condicións demasiado duras para Alemaña (Tratado de Versalles, 1919):

- Aceptar a responsabilidade da guerra.
- Proceder á desmilitarización do territorio fronteirizo con Francia.
- Perdas territoriais:
- O pago dunha serie de indemnizacións inasumibles en concepto de reparacións de guerra.
- A imposibilidade de ter un exército...

Isto foi **motivo de frustración** para os militares, que dende este mesmo momento acusarían á república e aos políticos socialdemócratas de traizón contra o exército e contra a propia Alemaña por haber asinado acordos tan gravosos para a nación cando o exército non fora derrotado; popularizando o mito da **“puñalada polas costas”** (invención de Ludendorff, membro do alto mando do exército alemán), que tería gran calado entre os sectores máis conservadores e nacionalistas da poboación e que sería unha constante no pensamento de Hitler.

Isto fixo que dende o seu nacemento a república contara con **múltiples inimigos internos**.

De feito, estes oficiais e soldados desmilitarizados encadraríanse nos *freikorps*, grupos armados de extrema dereita– e dende eles aproveitarían a mínima oportunidade para intentar derrocar á república. Levarán a cabo varios intentos de golpe de Estado entre 1920 e 1922.

- O máis importante o **Putsch (GOLPE) de Kapp (1920) en Berlín**, que fracasou pola oposición dos sindicatos e tamén pola deficiente planificación dos golpistas.

Así mesmo, a partir de 1918 nacen en Alemaña partidos e movementos nacionalistas de extrema-dereita contrarios á democracia entre os cales se encontraba o Partido Obreiro Alemán (antecedente do Partido Nacionalsocialista). Algúns deles optarían polo terrorismo, asasinando a varios dirixentes da República.

O Putsch de Munich (1923)

Dous anos despois do Putsch de Kapp, en novembro de 1923, cando a situación económica de Alemaña chega a un punto crítico.

¿Por que dicimos que a **situación económica era crítica**? Porque dende o final da guerra a inflación non deixaba de aumentar en Alemaña e as indemnizacións de guerra eran un peso tal na economía que o goberno tivo que declararse en **quebra**. A resposta de Francia e Bélxica en xaneiro de 1923 ante a imposibilidade de Alemaña para

pagar as reparacións foi ocupar a conca do Ruhr, a zona mineira e industrial máis importante de Alemaña. Os alemáns o que fixeron foi declararse en folga, o que seguiu erosionando inda máis a economía.

Neste clima de pánico económico ten lugar outro intento de golpe de Estado en Munich no que xa participa o propio Hitler e o partido nacionalsocialista, que por aquel entón xa contaba cuns 50.000 afiliados.

O golpe fracasa, é frustrado pola intervención policial, e Hitler e algúns dos seus colaboradores foron encarcerados. No obstante, a xustiza sería moi branda, a penas cumpriría un ano de prisión, e alí escribiría o seu libro *Mein Kampf*, que se convertería nunha especie de manual ideolóxico do partido. **Esta experiencia xunto co éxito de Mussolini en 1922 vai facer que Hitler abandone a idea de tomar o poder vía golpe de Estado e se decida por seguir os cauces políticos establecidos pola Constitución.**

O xiro á dereita e a chegada ao poder

Entre os anos que van dende 1924 a 1929 sucedéronse varios gobernos, case sempre de concentración (polas divisións que había no Parlamento) que pouco a pouco conseguiron ir estabilizando a situación de crise ata o punto de que parecía que o país podía superar as consecuencias da posguerra. Foi moi importante a intervención dos aliados, que para impedir que Alemaña continuase profundando a situación de crise económica política e social asinaron:

-**O Plan Dawes (1924)**, do que xa falamos antes. Contribuíu a estabilizar a economía, o que supuxo unha diminución da conflictividade social e se traduciu nunha maior estabilidade política

-**Tratado de Locarno (1925)**: mellorou a situación internacional da República permitíndolle integrarse na Sociedade de Nacións, que lle fora vetada tras a IGM.

Neste contexto de progresiva mellora económica as ideas fascistas non terían unha gran acollida entre a poboación e o NSDAP obtería poucos votos. No obstante, todo cambiaría a partir de 1929, pois a retirada do capital estadounidense a consecuencia do **crack da bolsa** vai facer que a economía alemá retroceda ata alcanzar unha situación moi similar á da posguerra. Isto obrigará ao goberno a aplicar unha política de austeridade que non fará máis que aumentar o **descontento social**. Este foi un excelente caldo de cultivo para que os discursos extremistas do nacionalsocialismo, que prometían rápidas solucións, foran gañando audiencia. Xa vimos como soubo atraer e mobilizar ás masas a través da demagogia e a propaganda.

- O Partido Nacionalsocialista pasa de 12 deputados en 1928 (dun total de 500) a superar os 107 en 1930. Non acada a maioría absoluta, pero si se converte no partido máis votado

En abril de 1932, xa cun millón de afiliados ao partido, Hitler presentase ás eleccións presidenciais, nas que se converte na segunda forza política con 13 millóns de votos, sendo derrotado por unha coalición entre socialdemócratas e o partido de centro, que levará a Hidenburg á presidencia.

Volverá a presentarse ás eleccións legislativas de xuño de 1932 e conseguirá ser o partido máis votado, cun 37% dos votos, polo que non pode formar goberno. Neste sentido, Hidenburg vai resistirse ao nomeamento de Hitler como chanceler, pero a incapacidade dos partidos comunista e socialista para aliarse fronte o inimigo común (fascismo) e as presións dos sectores conservadores e as grandes fortunas finalmente a finais de xaneiro de 1933, cede a **encomendarlle a Hitler a formación dun novo goberno** coa convicción de que se moderaría (de que un amplo goberno de coalición sería quen de controlar o seu radicalismo), pero non foi así.

Deste xeito, en xaneiro de 1933 Hitler convertese no novo chanceler de Alemaña nun goberno de coalición, e faino sen alterar en ningún momento o procedemento constitucional.

A DITADURA NAZI E O NACEMENTO DO III REICH

Entre 1933 e 1934 Hitler conseguiría dismantelar o sistema democrático alemán (en moi pouco tempo), facéndose con todo o poder e dando comezo ao III Reich Alemá. ¿Como o conseguiu? Intentando manter a aparencia democrática.

- O feito de que se fixera co departamento do interior dentro do goberno de coalición foi moi relevante, pois **o control da policía** vai facilitar en gran medida o proceso de **eliminación sistemática da oposición (tanto externa como interna)**, que se inicia naquel momento. Dentro de dito proceso destacan:
 - **EXTERNA** O incendio do Reichstag (Parlamento alemán): foi provocado polos nazis o 27 de febreiro de 1933, que culparon aos comunistas e o empregaron como pretexto para intensificar a persecución contra eles. A partir deste suceso obtería plenos poderes legislativos que empregaría para **suspender os dereitos fundamentais** e terminar ilegalizando todas organizacións políticas e sindicais que non foran as nazis. Imponse así a ditadura.
 - **INTERNA** A noite dos coitelos longos (30 xuño de 1934): na que as SS, co apoio do exército, manda asasinar aos seus rivais dentro do nacionalsocialismo, moitos deles membros das SA e entre eles o seu líder, Röhm.
- A morte de Hindenburg (2 de agosto de 1934): Hitler aproveita a ocasión e asume tamén o cargo de **presidente da República**, co que concentra nas súas mans os tres poderes principais do país: xefe de Estado (que lle da poder sobre o

exército), xefe do Goberno e presidente do partido único. Iniciase así o III Reich Alemán.

3.A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

Para entender o desencadeamento da IIGM debemos ter en conta dúas cuestións:

- ❖ Por un lado, as **políticas de expansión territoriais** levadas a cabo polos países do eixo (detrás das cales se atopan factores económicos e tamén ideolóxicos):
 - ☒ Económicos: A Italia Fascista e a Alemaña Nazi necesitaban da expansión militar para poder seguir invertendo en armamento, evitar a quebra (que podía provocar o seu descrédito e caída) e estabilizar a súa economía a través do saqueo dos países conquistados.
 - ☒ Ideolóxicos: a superioridade nacional e a idea de constituír un Imperio que garanta o futuro da nación.
- ❖ E por outro a **incapacidade dos aliados para facer un fronte común** que impedira o avance do fascismo xunto co **fracaso da política de apaciguamento** levada a cabo por Francia e Gran Bretaña. ¿E por que optaron por esta vía do apaciguamento? Pois porque sendo conscientes de que as medidas tomadas en Versalles foran excesivas e vendo o cariz que tomaba a política exterior pensaron que cedendo a algunhas das demandas de Hitler conseguirían evitar un segundo conflito mundial. Pero foi contraproducente, pois Hitler non estaba disposto a deter a súa política expansionista.

3.1. O camiño á guerra

Inicialmente cando accede ao poder Hitler xa pon de manifesto que non ten intención de acadar un acordo internacional que evite unha guerra no futuro cando nese mesmo ano (1933) anuncia que non vai seguir pagando as indemnizacións, e abandona tanto a Conferencia de Desarme de Xenebra como a Sociedade de Nacións.

O seu principal obxectivo a nivel de política exterior era conseguir **liquidar as cláusulas que lle foran impostas no Tratado de Versalles** e vaino conseguir (o que lle dará moito prestixio dentro de Alemaña ao velo como o líder capaz de acabar coa humillación do Tratado de Versalles). Nun primeiro momento desenvolverá unha política cauta coa que intenta desviar a atención das súas verdadeiras intencións:

Por exemplo:

- **Pacto con Polonia (1934):** co que dalgún modo pretende dar a entender que admite a situación das novas fronteiras que se establecerán no Tratado de Versalles.

Pero non tardará en mostrar as súas verdadeiras intencións:

- Ese mesmo ano presta **apoio aos nacionalsocialistas** austríacos para derrocar o goberno coa intención de anexionar Austria (cosa que lle fora prohibida). Conseguen asasinar ao chanceler, pero os seus plans fracasan pola oposición internacional. Francia, GB Italia e Austria asinan o **Pacto de Estresa (1935)** de cara a garantir a independencia de Austria.

¿E por que **Italia**, sendo tamén un réxime fascista, asina este acordo? Porque temía que si Hitler anexionaba Austria lle reclamara os territorios que dende a IGM estaban en posesión de Italia.

- En 1935: crea un **exército alemán**, impón o servizo militar obrigatorio e crea unha flota naval.
- En 1936: **militariza a zona de Renania**, fronteira entre Alemaña, Francia e Bélxica.

Violacións flagrantes do acordado en Versalles. E neste caso as potencias europeas si que o van admitir dentro da lóxica desa política de apaciguamento xa mencionada.

Neste contexto é no que leva a cabo un **acercamento coa Italia de Mussolini**. Cando? Pois cando **Mussolini invade Abisinia** (o que hoxe sería Etiopía) en 1935. A Sociedade de Nacións emite unha condena contra ela, imponlle unha serie de sancións e intenta illala internacionalmente, mais non o consegue porque Alemaña, e tamén outros países como Hungría, Austria ou Xapón impídeno.

Por que? porque Alemaña era consciente de que se Italia se facía co control sobre o Canal de Suez podía ser moi útil en caso de que se desencadeara unha contenda en Europa, impedindo o paso das potencias aliadas ao ter o control sobre o Mediterráneo.

Este apoio e a garantía de que non lle vai demandar a devolución das zonas que antes estiveran en poder de Austria é o que fai que se produza un achegamento entre os dous réximes fascistas, que dende este momento van camiñar conxuntamente no ámbito internacional e van ser solidarios entre sí en moitos aspectos. E dicir, ten luar un **xiro na política exterior Italiana**, que cristaliza en 1936 co **abandono da Sociedade de Nacións**.

Nesta liña:

- ☒ En 1936 Italia e Alemaña apoian o golpe de Estado de Franco en España a pesar de haber asinado o **Pacto de non Intervención** con outros 27 países, entre eles Francia e GB, que si que o cumplen.
- ☒ E en 1936 asinan o **Pacto Anticomintern** contra a III Internacional Comunista xunto con Xapón e outros países Europeos como España e Hungría. É importante porque supón o primeiro contacto entre as 3 potencias que logo Constituirían o **Pacto Tripartito do Eixo (1940)**,

Vaise xestando así unha alianza entre Alemaña e Italia que cristalizaría en 1939 co **Pacto de Aceiro**, que ligaba o futuro de ambos países e terminaría obrigando a Italia a entrar na IIGM.

¿E que sucede a continuación?

- En 1938 Alemania volve a intentar a **anexión de Austria** e esta vez as demais potencias europeas permítenllo. Consegue así un dos seus principais obxectivos.
- Pero non se queda aí, nese mesmo ano **demanda a zona dos Sudetes** esgrimindo que a poboación alemá dos sudetes se atopaba oprimida polos gobernantes checos e consegue facerse con ela a cambio de manter a paz e o estatus quo Europeo, prometéndolle ás potencias occidentais que esta sería a súa última demanda. Acordo que se materializa coa sinatura do **Pacto de Munich** entre Alemaña, Italia, Francia e Gran Bretaña.
- ¿Que pasou? Que Hitler non cumpriu o prometido e **ocupa practicamente a totalidade de Checoslovaquia**, violando tamén o Tratado de Munich. Prodúcese a desmembración de Checoslovaquia, da que tamén se beneficiarían Hungría e Polonia. Con todo, as potencias occidentais seguen sen intervir.
- Neste contexto, vendo que a pasividade das potencias occidentais e as ambicións expansionistas de Alemaña ían derivar nun conflito de forma inminente a URSS asina en 1939 un **Pacto de Non Agresión con Alemaña**.

¿Por que o fai? É un intento de gañar tempo para non ter que pelexar en dous frontes, pois dende 1938 xa estaba pelexando en extremo oriente fronte aos intentos de expansión xaponeses. Pretendía solucionar a cuestión en oriente antes de empezar a guerra en occidente.

***XAPÓN** No Século XIX comezara a súa expansión, facéndose con Manchuria e agora pretendía avanzar cara a Unión Soviética a través de Mongolia.

- E a URSS non se equivocaba, 9 días despois, o 1 de setembro de 1939 Alemaña **invade Polonia** e comeza a IIGM.

3.2. As fases da guerra.

Podemos distinguir 2 grandes fases:

- I FASE: iniciativa e dominio das potencias do eixo (1939-1941).
- II FASE: avance aliado (1942-1945)

I FASE: iniciativa e dominio das potencias do eixo (1939-1941).

A invasión de Polonia:

- -Tivo unha resposta por parte da **URSS**, que foi o avance do seu exército ata a liña que quedaba entorno a cidade de Breslitovsk, ampliando as súas fronteiras cara occidente ata alcanzar a situación do imperio zarista
- -E tamén de **Inglaterra e Francia**, que declaran a guerra a Alemaña porque lle habían prometido a Polonia que irían na súa axuda se Alemaña a atacaba. Con todo, non mobilizan os exercito nin se produce ningún ataque occidental contra Alemaña.

As potencias occidentais non reaccionarían ata que en abril de 1940 **Hitler ocupa Dinamarca e Noruega**, pero xa era demasiado tarde. E seguindo a estratexia da guerra relámpao (pois era consciente de que non podería vencer nunha guerra de desgaste) a continuación **ataca Bélxica, os Países Baixos e Francia**, conseguindo que todas elas capitulen en poucas semanas.

Logo en 1940 **Italia entra na guerra** atacando as posesións coloniais de Francia e Gran Bretaña no Mediterráneo e no Norte de África, producíndose entón a **mundialización do conflito.**

Pola súa parte, **Alemaña intenta que Inglaterra capitule**, desencadeando unha batalla na que se bombardean cidades e centros ingleses ocasionando grandes perdas materiais e moitas vítimas mortais, pero non consegue o seu obxectivo.

Neste contexto foi no que se configurou finalmente o eixo a través dun **Pacto Tripartito** entre Alemaña, Italia e Xapón. Ao que tamén se sumaríanse moitos países como Romanía, Hungría, Bulgaria, Romanía, Finlandia, España (a División Azul).

E en 1941 tras **facerse cos estados balcánicos** no seu paso ata chegar a Grecia para prestarlle axuda ao exército italiano que se atopaba empantanado (escasa capacidade combativa), decide **atacar á Unión Soviética** nunha operación denominada

BARBARROJA². Isto supón a ruptura do Pacto entre Alemaña e a URSS e a **adhesión da URSS ao bando aliado**. No leste de Europa terán lugar as grandes batallas desta segunda contenda mundial. As potencias do eixo terán un avance imparable cara o interior de Rusia practicamente ata finais de 1942, momento no que son derrotados na Batalla de Stalingrado.

A costa de moito sufrimento: todo aquel que dera un paso atrás sería executado, non se evacúa a cidade para que os soldados loiten con toda a súa forza ao depender deles a vida das súas familias, as mulleres pasan a formar parte do exército roxo.... día tras día as baixas son unha constante, bombardéanse cidades enteiras...

Tamén sería nesta primeira fase da guerra, concretamente a finais de 1941 cando as **hostilidades se estenden ao Pacífico**, co ataque Xaponés á base estadounidense de Pearl Harbour, o que provoca a **entrada de EEUU na guerra**. O obxectivo de Xapón era incapacitar a EEUU para poder consolidar o seu imperio no sudeste asiático e facerse coa hexemonía do Pacífico, pois tras a caída de Francia e de Holanda fixérase coas súas colonias nesta zona (Indochina e Indonesia).

II FASE: avance aliado (1942-1945).

Dende finais de 1942 cambia a evolución do conflito, invértese a tendencia das vitorias e a Iniciativa van a pasan a levala os aliados. Determinado fundamentalmente por dous feitos:

- **Derrota do exército alemán diante de Stalingrado**. Dende este momento o exército soviético emprenderá un avance cara o oeste que terminará coa súa **chegada a Berlín en abril de 1945**. E ao seu paso irá desarticulando os estados títere impostos polos nazis nos distintos países que foran ocupando.

Paralelamente os aliados, tras levar a cabo o **desembarco de Normandía** en xuño de 1944, tamén emprenderían a liberación da Europa Occidental (empezando por Francia).

- **O desembarco aliado de ingleses e Estadounidenses no norte de África**, que dirime a vitoria aliada no Norte de África tendo como resultado o paso da África colonial ao seu bando.

Sería dende alí que os aliados iniciaron o **Desembarco aliado en Sicilia** a mediados de 1943 conseguindo facerse co sur de Italia en cuestión de días. Isto desencadea os acontecementos que conclúen coa **destitución de Mussolini** na xuntanza do chamado Gran Consello Fascista celebrado o 24 e 25 de xullo. Cos aliados a punto de desembarcar no continente o poder de Mussolini decae

² Cando ten lugar a invasión alemana da URSS é o momento no que os aliados comezan a colaborar de maneira decisiva. Firman unha serie de tratados que poñen fin as diferencias que existían entre elas ante a necesidade de facer un fronte común capaz de frear ás potencias do Eixo.

totalmente, destitúeno, nomean un novo xefe de goberno e detéñeno. Ao tempo que asinan un **Armisticio cos aliados**.

Pero cando se enteira Hitler **Alemaña invade o norte do país e libera a Mussolini**, que institúe a **República Social Italiana** (tamén se coñece como a república de Saló). Pero dende entón so é unha especie de títere en mans do exército alemán.

Nos dous anos seguintes os aliados irán gañando posicións ata que finalmente logren a **capitulación de Italia o 29 de abril de 1945**. Aquí se enmarcaría o final de Mussolini, que sería detido polos partisanos italianos cando intentaba fuxir a Suíza e finalmente executado en Milán.

Como termina a guerra no continente? Pois o exército vermello chega a Berlín en abril e comeza unha batalla (Batalla de Berlín) que terminaría en maio de 1945 coa **capitulación incondicional de Alemaña**. Aquí se enmarcaría o final de Hitler, que derrotado se suicidaría no seu búnker antes de aceptar a capitulación de Alemaña.

E que sucede no pacífico?

A partir de 1943 as vitorias de Estados Unidos nos mares do pacífico sur obrigan a Xapón a retroceder paulatinamente. A comezos de 1945 todas as cidades xaponesas están baixo alcance dos bombardeiros estadounidenses. **Bomba atómica en agosto de 1945 en Hiroshima e Nagasaki** obriga a rendición incondicional de Xapón, que pon fin á IIGM.

3.3. As consecuencias da IIGM

-**Humanas**: inda máis demoledor que no caso da IGM.

- **Multiplícanse as baixas**. Difícil facer un cálculo, pero estímase que estaría entorno aos 55 millóns de falecidos e 35 millóns de desaparecidos.

No oeste de Europa e en Asia concéntrase o maior número de vítimas porque alí o conflito foi máis intenso, pero tamén polo tipo de guerra que se librou nestas zonas, unha guerra de exterminio que non se deu en Europa occidental.

- Moitísima xente arrastrará **secuelas tanto físicas como psicolóxicas** froito dos desastres da guerra: nenos que se viron obrigados a participar na contenda, feridos de guerra, ataques aéreos contra poboación civil, torturas, violacións de mulleres e nenas parellas á ocupación de territorios...
- **Problemas de adaptación dos soldados á vida civil** despois de 6 anos de conflito.

- **Desestructuración das familias:** familiares mortos ou prisioneiros, cando volven os soldados tópanse con que as súas mulleres tiveran fillos durante a contenda (froito de violacións na meirande parte dos casos).
- **Enorme perda de potencial humano:** moitas das vítimas mortais estaban en idade de traballar. Tamén se deixaría sentir a nivel demográfico, pois este fenómeno daría lugar a unha contracción da natalidade.
- **Grandes desprazamentos forzosos de poboación** durante e despois do conflito (debido a modificación das fronteiras³).
 - ☒ Europeos cara Canadá, Estados Unidos e Australia, que apenas se viran afectados polo conflito.
 - ☒ Emigración masiva de xudeus cara Palestina, coa intención de facer cumprir a declaración Balfour (en 1948 crease o Estado de Israel).

-Xeopolíticas: reestruturación de Europa en base aos desexos dos vencedores.

- Alemania, ademais de ter que pagar indemnizacións de guerra aos aliados queda dividida en 4 zonas de ocupación (unha para cada unha das potencias; USA, GB, URSS e Francia). Isto foi acordado na **Conferencia de Yalta** e ratificado na **Conferencia de Postdam**. Ambas tiveron lugar en 1945.
- Austria tamén sería ocupada temporalmente e dividida en 4 zonas segundo o mesmo criterio.
- Unión Soviética amplía as súas fronteiras a costa de territorio que pertencía a Polonia e integra os estados bálticos de Estonia, Letonia e Lituania.
- Finlandia queda independente pero prodúcense desprazamentos de poboación a territorios limítrofes integrados na URSS.
- Polonia constitúese como estado independente. Inda que perde territorios no Leste fronte a URSS amplía as súas fronteiras a costa de Alemaña. A poboación alemana que vivía nestes territorios foi expulsada.
- A zona de Transilvania volve ao poder de Romanía (neste momento era de Hungría) e a poboación húngara que vivía nelas é expulsada.
- Mantense a partición provocada polos nazis de Checoslovaquia, constituíndose a República Checa e Eslovaquia como estados independentes. Tendo en conta os motivos esgrimidos por Hitler para ocupala o que van facer é expulsar tanto aos alemáns dos Sudetes como ás minorías húngaras. Buscan crear estados máis homoxéneo dende o punto de vista étnico para evitar futuros desexos de invasión.

³ Están explicados no seguinte apartado.

- Italia perde todas as súas colonias: Albania constitúese como país independente e tanto a Península de Istria como as illas do Dodecaneso pasan a formar parte de Iugoslavia. A poboación italiana é expulsada destas zonas.
- Xapón perde todos os países que ocupara en Asia.
- Nova situación das forzas a nivel internacional:
 - ☒ **Estados Unidos faise coa hexemonía mundial e tamén como a gran potencia no pacífico** (Xapón deixa de ser competencia). Hexemonía económica e tamén militar, pois durante 5 anos será a única potencia que teña armas nucleares.
 - ☒ Consolidación da Unión Soviética como unha nova potencia importante.

Ademais, as delegacións de 50 países, conscientes do fracaso da política de seguridade colectiva da Sociedade de Nacións (que terminou abrindo a porta a unha IIGM ao consentir o expansionismo das Potencias do Eixo) reúnen na chamada **Conferencia de San Francisco (1945)** co obxectivo de constituír unha nova organización internacional capaz de garantir o mantemento da paz e a estabilidade a nivel mundial. Nesta conferencia nacería a **Organización das Nacións Unidas (ONU)**, que ademais de recoller os principios fundamentais xa presentes na sociedade de Nacións inclúe algúns puntos novos que xa foran esbozados en 1941 na chamada **Carta do Atlántico**:

- ☒ Dereito de autodeterminación dos pobos: supón non levar a cabo ningún cambio territorial que non conte co beneplácito das poboacións implicadas.
- ☒ Dereito dos pobos a elixir a súa forma de goberno.
- ☒ Dereito a navegar por todos os mares e océanos.
- ☒ Dereito a participar no comercio internacional.
- ☒ Negativa á utilización da forza para resolver conflitos internacionais.
- ☒ Desarme das potencias do eixo.
- ☒ Fomento da cooperación e a solidariedade internacional para:
 - A defensa dos dereitos humanos. UNICEF, OMS
 - Fins socioeconómicos, culturais... UNESCO, FAO

Con todo, vemos que no seu organigrama se volve a repetir unha constante: USA, URSS, China, GB e Francia, as potencias que detentaban a hexemonía e o prestixio a nivel mundial en 1945 conseguen o **dereito a veto**. Un dereito que lle dá a capacidade para bloquear de maneira unilateral calquera decisión global.

Así mesmo, tendo en conta que os problemas económicos foran unha das causas que estiveran detrás do auxe dos extremismos que levaran ao mundo á IIGM, tamén tomarán unha serie de medidas de cara a organizar o crecemento económico a nivel mundial e crear mecanismos de protección da economía capaces de paliar futuras situacións de crise. Medidas que se adoptaron na Conferencia de **Bretton Woods (1944)** e que se materializaron na progresiva expansión do Estado de Benestar.

-Materias: a escala de destrución tamén foi moito máis intensa, especialmente nos países do leste de Europa.

- **Destruíense infraestruturas, grandes complexos industriais, vías de comunicación, pérdense colleitas** (campos arrasados polas tácticas de terra queimada para debilitar aos inimigos)... isto supuxo un gran problema para a economía dos países belixerantes tras o conflito. Dificultade para reactivar a actividade económica e industrial.
- **Bombardéanse cidades** como Dresde en Alemaña, Coventry en Londres ou Leningrado e Stalingrado na Unión Soviética. Na última só quedou un edificio en pé.
- O culme da destrución sería o **lanzamento da bomba atómica** contra Hiroshima e Nagasaki: en poucos minutos producen a destrución total das cidades e acaban coa vida da maior parte dos seus habitantes (máis de 100.000 persoas falecidas en cuestión de 5min).

Ata agora falábamnos de secuelas materiais a corto-medio prazo, pero no caso da bomba atómica as secuelas físicas e ambientais permanecen durante xeracións: naceran nenos con malformacións derivadas da exposición á enerxía atómica e a terra non servirá para o cultivo.

- **Meses de fame**, dun moi acusado descenso do nivel de vida na posguerra. Isto daría lugar a un aumento da especulación e do estraperlo, que só redundarían nunha maior pauperización da poboación.

-Psicolóxicas: o descubrimento dos campos de concentración e a constatación de que o estado nacionalsocialista puxera en practica unha política de exterminio masivo contra determinadas etnias: xudeus, xitanos, soldados inimigos, opoñentes políticos... supuxo unha crise psicolóxica sen precedentes porque se plantexa a cuestión do **colaboracionismo coa política de exterminio nazi**, de que os actores do Holocausto non foran exclusivamente o Partido Nazi e as súas forzas paramilitares.

❖ Sobre todo no caso da nación alemá:

- ☒ **Colaboración bastante extensa entre amplos sectores da poboación civil alemá.**

- ☒ **Colaboración por parte do exército**, que durante anos se mantivera como institución libre de culpa segundo o discurso oficial (que apuntaba unicamente ás SS e as SA).
 - ☒ **Empresas que se beneficiaron do emprego de man de obra procedente dos campos de traballo e de exterminio**. Unha das máis beneficiada IF FARBEN que incluso tiña fábricas preto dos campos de concentración. Outras son FLICK e KRUPP, BMW (posteriormente sería obrigada a indemnizar as familias das vítimas)
- ❖ Pero tamén doutros países:

-Empresas estadounidenses como:

- IBM, que a través da súa filial en Alemaña dotou ao réxime nazi dos sistemas informáticos que lle permitiron organizar, distribuír, explotar e eliminar aos millóns de xudeus e prisioneiros de guerra que caeron nas súas mans durante a contenda.
- FORD e GENERAL MOTORS: empregaron man de obra forzada procedente dos campos de concentración e produciron camións militares para o exército nazi.

Os Xuízos de Núremberg (1945-46)

Os aliados van levar a cabo unha **política de desnacificación en Alemaña** unha vez que termina a guerra⁴ a través do chamado tribunal penal internacional de Núremberg (composto por xuíces e fiscais de Francia, GB, Estados Unidos e Unión soviética). Un auténtico fito para o dereito internacional, é a primeira vez que se constitúe un tribunal para xulgar unha serie de delitos tipificados como **crimes contra a humanidade**, que teñen a particularidade de que nunca prescriben.

- ☒ Alí foron xulgados os principais dirixentes nazis que seguían vivos (algúns suicidaranse).
 - Con todo, algúns conseguiron escapar cara América Latina. Caso de Eichmann, que anos despois sería recoñecido, secuestrado por un comando xudeu, levado a Israel e executado.
 - E outros finalmente non serían xulgados porque as potencias occidentais intentan aproveitar os avances científico técnicos e os experimentos que levara a cabo a Alemaña nazi. Tanto EEUU como a URSS captan aos investigadores alemáns máis importantes, sobre todo no ámbito bélico e militar.

⁴ Xa fora acordado en 1945 na Conferencia de Postdam.

E en 1947, nun xuízo distinto finalmente tamén serían xulgados os donos das empresas que colaboraran cos nazis no exterminio das poboacións xudías. As penas que se lle impoñen son moi suaves.

Apuntamentos elaborados por Ana Salgueiro
Fernández, profesora en prácticas no IES Campo de San
Alberto no curso 2022-2023